CONCELLO DE PONTEVEDRA

SECRETARÍA XERAL DO PLENO

| Acta número: 16 | Pleno do Concello | |
|---|---|---|
| Data da sesión: 18.11.2019 | Carácter: Ordinaria | Convocatoria: Primeira |
| Lugar: Teatro Principal | | Hora: 11:05 |

Asistentes

| |
|---|
| Presidente/a: Miguel Anxo Fernández Lores |
| Anabel Gulías Torreiro<br>Eva María Villaverde Pego<br>Demetrio Gómez Xunqueira<br>Cesareo Mosquera Lorenzo<br>María Carmen da Silva Méndez<br>Raimundo González Carballo<br>Maria do Carme Fouces Díaz<br>Luis Alberto Oubiña Piay<br>María do Pilar Comesaña Hermida<br>Xaquín Moreda González<br>Rafael Domínguez Artime<br>María José Pardo Pumar<br>Pablo Fernández López<br>Gerardo Ramón Pérez Puga<br>Martín Martínez Silva<br>Silvia Junco Martínez<br>Guillermo Juncal Peñas<br>Juan Manuel Muñoz Cerrada<br>Agustín Fernández González<br>María Gloria Blanco Rial<br>Iván Puentes Rivera<br>Paloma Castro Rey<br>Gregorio Revenga Portela |
| Secretario: José Carlos Castiñeira Piñeiro |
| Interventora: Blanca Vega Lorenzo |
| Non asiste: Ana Isabel Vázquez Reboredo |

Constatada a existencia de quórum bastante para a súa constitución, o **Alcalde-Presidente,** declara constituída e aberta a sesión.

## ORDE DO DÍA:

## A) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

## 1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 21.10.2019. (CSV: 9EKD1S2TDVCONA4D)

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria de 21.10.2019 que é aprobado por unanimidade (24) e sen modificación ningunha.



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

## B) PARTE RESOLUTIVA:

## 2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2019 (3 SUP-2019) MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable da Comisión de Economía e Facenda, de data 13.11.2019, emitido sobre a proposta do concelleiro de goberno delegado da área de Economía e Facenda de data 28.10.2019, aprobada como proxecto de acordo pola Xunta de Goberno Local, na sesión de 04.11.2019.

O texto íntegro da proposta do concelleiro de goberno delegado da área de Economía e Facenda é do seguinte teor literal:

"Visto o expediente que se refire, e unha vez emitido o informe da Titular do Órgano de Xestión Presupostaria e de Contabilidade (Rfra.89 OXPC/2019 de data 25 de outubro de 2019), así como a fiscalización da Intervención Xeral.

Considerando as razóns expostas na Memorias e demais documentación xustificativa que obra no seu expediente.

En uso das facultades correspondentes a esta Concellaría, proponse do Pleno corporativo, logo da súa aprobación pola Xunta Municipal de Goberno e do seu pase pola correspondente Comisión do Pleno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 16/2019 (3-SUP/2019), mediante SUPLEMENTO DE CRÉDITO POR UN IMPORTE DE CATRO MILLONS DUASCENTAS SESENTA E TRES MIL DOUS EUROS CON SESENTA E SETE CENTIMOS (4.263.002,67.-€) , de acordo ao seguinte detalle:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| APLICACIÓN PRESUPOSTARIA | DENOMINACIÓN | IMPORTE SUP | FINANCIAMENTO | | TOTAL FINANCIAMENTO |
| | | | BAIXAS POR ANULACIÓN | RTGX (870.00) | |
| 02.011.0-913.19 | AMORTIZACIÓN BBVA P80727/09 | 1.004.223,06 € | 0,00 € | 1.004.223,06 € | 1.004.223,06 € |
| 02.011.0-913.24 | AMORTIZACIÓN B SABADELL P/2014 | 372.276,57 € | 0,00 € | 372.276,57 € | 372.276,57 € |
| 02.011.0-913.25 | AMORTIZACIÓN B SABADELL P/2015 | 475.894,23 € | 0,00 € | 475.894,23 € | 475.894,23 € |
| 02.011.0-913.26 | AMORTIZACIÓN ABANCA P/2016 | 2.410.608,81 € | 0,00 € | 2.410.608,81 € | 2.410.608,81 € |
| | TOTAL 3 SUP-2019 | 4.263.002,67 € | 0,00 € | 4.263.002,67 € | 4.263.002,67 € |

Segundo.- Someter o expediente aos requisitos de publicidade do artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con información pública polo prazo de quince días hábiles.

A estes efectos publicaranse anuncios de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro municipal.

Así mesmo, e de acordo co artigo 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma) inmediatamente aprobada inicialmente a modificación de crédito haberá de publicarse o seu texto na sede electrónica do Concello (sede.pontevedra.gal), xunto coas súas correspondentes memorias xustificativas e informes, manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións anteriormente exposto.

Nos anuncios de exposición pública haberá facerse constar dita publicación a efectos da súa consulta, sen prexuízo da do expediente no seu conxunto, de así instarse.

Terceiro.- Esta modificación orzamentaria 16/2019 (3-SUP/2019), considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións;



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas. Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Publicarase así mesmo, na sede electrónica municipal, de conformidade cos artigos 7 e 8, en relación co 5, da Lei 19/2013."

(A continuación prodúcese o debate).

Rematado o debate realizase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- En contra: 8 (8 PP)
- Abstencións: 1 (1 Mixto-Cs).
- A favor: 15 (11 BNG; e 4 PSOE).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, aproba a proposta do concelleiro de goberno delegado da área de Economía e Facenda, anteriormente transcrita.

## 3.- PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, PONTE SAMPAIO, DE RISCO DE INUNDACIÓNS POR ROTURA DA PRESA DE EIRAS. APROBACIÓN DEFINITIVA.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame favorable, por unanimidade, da comisión de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, de data 13.11.2019, emitido sobre a proposta da Dirección Xeral da área de Urbanismo e Servizos Xerais, de data 11.11.2019.

O texto íntegro da referida proposta é do seguinte teor literal:

"Visto o borrador do "PAM por risco de inundación por rotura da Presa de Eiras", remitido polo Servizo de Emerxencias da Xefatura Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia, elaborado a iniciativa da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, xunto coas fichas debidamente cumprimentadas polos servizos municipais, (documento conformado pola xefatura do Servizo Municipal de Bombeiros e por parte do enxeñeiro xefe da OTMAIES, na súa condición de dirección técnica/posto de mando avanzado do PEMU municipal) e visto o documento asinado polo enxeñeiro adscrito á OTMAIES, tralo informe da Subdirección Xeral de Protección civil, por medio do presente e ao abeiro do disposto no artigo 45.2 d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno do 21/10/2005, BOP núm. 248 do 28/12/2005, emítese, o seguinte informe con proposta de acordo:"

1º.- Competencia municipal en materia de protección civil

Os Concellos exercerán, en todo caso e entre outras materias, como competencia propia e como servizo obrigatorio para os de máis de 20 000 habitantes, a de protección civil, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, consonte aos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), en relación co artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).

Deste xeito e segundo a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia (LEG), correspóndelle aos Concellos a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, tendo en conta as previsións



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

do artigo 331.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Asemade, segundo a LEG, os Concellos de máis de 20 000 habitantes, como é o caso do Concello de Pontevedra, teñen as competencias que lles atribúe o seu artigo 30, entre as que figuran as de propor a elaboración do PEMU consonte cos riscos do municipio e a da súa actualización, ademais das de promover e impulsar as medidas que considere necesarias no eido da protección civil.

2º.- Plans especiais por risco de inundacións por rotura de presa

O referido texto legal regula tamén os plans especiais de protección civil, nos que se estabelecen as medidas necesarias para afrontar emerxencias que, pola súa natureza, requiran uns métodos, científicos ou técnicos, axeitados para a súa avaliación e tratamento.

Serán obxecto dos amentados plans especiais, nos eidos territoriais que sexan precisos, entre outras, as emerxencias producidas por inundacións, constando a aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 26/09/2016, do Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia (Inungal), mediante resolución do 4/10/2016 (anuncio publicado no DOG núm. 197 do 17/10/2016).

O referido Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia substitúe ao que fora aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27/09/2002 (DOG núm. 78, do 23 de abril de 2002), por mor da entrada en vigor do Real decreto 903/2010, do 9 de xullo, de avaliación e xestión de riscos de inundación, así como pola paulatina elaboración e implantación de Plans de emerxencia de presas (en diante, PEP), a creación da Axencia Galega de Emerxencias (en diante, AXEGA) e a implantación de novas tecnoloxías de xestión de emerxencias desenvolvidas por ela, entre outros motivos.

A súa elaboración seguiu as pautas da Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións, aprobada polo Consello de Ministros do 9/12/1994 e publicada, mediante resolución do 31/01/1995, no BOE número 38 do 14 de febreiro de 1995, que establece os requisitos mínimos que deben cumprir os correspondentes plans especiais de protección civil en canto a fundamentos, estrutura, organización e criterios operativos e de resposta, para ser homologados e implantados no seu correspondente ámbito territorial.

Segundo o Inungal, quedarán integrados nese Plan especial os plans de actuación municipal que se vaian elaborando, así como os plans de emerxencia de presas que se atopen no ámbito territorial de Galicia, unha vez sexan aprobados e homologados consonte á normativa vixente.

A elaboración dos plans de emerxencias de presas é responsabilidade dos seus titulares. A súa aprobación, para as situadas na conca de Galicia-Costa, correspóndelle ao organismo Augas de Galicia, tras o informe da Comisión Galega de Protección Civil.

No anexo II do Inungal relaciónanse os municipios galegos afectados nas dúas primeiras horas pola rotura ou incorrecto funcionamento das presas, segundo o establecido nas análises de riscos dos correspondentes Plans de emerxencia de presas aprobados. Entre estes inclúese o de Eiras, que foi aprobado por resolución da dirección de Augas de Galicia do 13/12/2012. Os devanditos Concellos afectados deberán elaborar o PAM correspondente, neste suposto por riscos no río Oitavén, principal afluente do Verdugo, que é o que atinxe a este termo municipal na parroquia de Ponte Sampaio.

Por último, indicar que consta no expediente que, en data 24/09/2049, publicouse no DOG núm. 181 o Decreto 110/2019, do 5 de setembro, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados polas



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

obras do proxecto de implantación dos plans de emerxencia das presas de Caldas de Reis, Eiras, Baiona e O Con (clave OH.136.1115).

3º.- Contido do PAM

A Directriz básica de Protección civil ante o risco de inundacións, aprobada polo Consello de Ministros do 9/12/1994 (BOE de 14/02/1995), a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e o Inungal, xunto coa restante normativa de aplicación, definen o contido mínimo e as funcións dos PAM.

Ante o risco de inundacións, os plans de actuación municipal establecen a organización e actuación dos recursos e servizos propios, co obxecto de lles facer fronte ás emerxencias por inundacións dentro do seu ámbito territorial, debendo ter en conta tamén, neste caso, as determinacións do PEMU municipal, en fase de actualización, para adaptalas aos cambios no organigrama do Concello, así como á existencia do PAU do CEIP de Ponte Sampaio, situado no seu eido e que tamén prevé o risco de inundacións por mor da rotura da presa de Eiras.

4º.- Procedemento

Unha vez completado e desenvolto o documento base remitido polo Servizo de Emerxencias da Xefatura Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia e logo de ser debidamente conformado o documento polos funcionarios municipais competentes, procedeuse, con carácter inicial, á remisión do borrador á DXEI, para a súa comprobación e a emisión do informe de conformidade.

O amentado informe foi emitido o 14/01/2019 pola Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil, recibido no Concello o 18/01/2019 baixo o número de rexistro de entrada 2019002295. Nese informe, tras facer unha serie de observacións sobre o grupo local operativo sanitario e o catálogo de medios, conclúese que o borrador do plan cumpre cos requisitos establecidos para a súa homologación.

Así as cousas e unha vez introducidos os correspondentes cambios no documento, procedeuse a someter o expediente a información pública, en virtude do acordo de aprobación inicial da Xunta de Goberno do 11/02/2019, durante o período abranguido entre os días 27/02/2019 e 28/03/2019, ámbolos dous inclusive, prazo fixado no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 40, de data 26/02/2019 e na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) dende o día 15/02/2019, sen que foran presentadas alegacións ao o expediente, tal e como se acredita nos informes da xefatura do Servizo de Secretaría e Asuntos xerais e do Negociado de Atención ao Cidadá do 5 e 24 de abril do ano no que andamos, respectivamente, incorporados ao expediente, polo que se procedeu (sen recabar informe da Xunta Local de Protección Civil, ao non estar constituída neste Concello), a interesar a homologación da Comisión Galega de Protección Civil con anterioridade á súa definitiva aprobación polo Pleno e á súa publicación nos boletíns oficiais correspondentes (artigo 33 LEG, Lei do sistema nacional de protección civil e norma básica de Protección Civil).

Deste xeito, na súa sesión de 30/04/2019, a Xunta de Goberno Local acordaba remitir á Comisión Galega de Protección Civil un exemplar en formato dixital e dúas copias en soporte papel do borrador do “Plan de Actuación Municipal do Concello de Pontevedra: Ponte Sampaio. Risco por inundación por rotura de presa”, -elaborado pola Xunta de Galicia e desenvolto e conformado pola xefatura do Servizo de Bombeiros e polo enxeñeiro xefe municipal-, documento modificado tralo informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 14/01/2019, composto de dous tomos conformados polo enxeñeiro municipal adscrito á OTMAIES en datas 05/02/2019 e 06/02/2019 (CSV M0H6FICR7EPAAROH e HQROJ79KTU53WNNN, respectivamente), que anulan e modifican á documentación anterior, para a súa homologación, ao abeiro do artigo 33 da



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, con carácter previo á súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.

Consta que con data 08/10/2019 e rexistro de entrada no Concello de Pontevedra 2019042209, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior remite oficio polo que comunica o acordo da Comisión Técnica Permanente de data 03/09/2019, de homologación do Plan de actuación municipal ante o risco de rotura da presa de Eiras no Concello de Pontevedra, polo que se dá cumprimento ao establecido no artigo 33 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, oficio ao que achega a correspondente certificación do acordo de homologación.

Por último sinalar que procede, trala constitución da nova Corporación, substituír e actualizar -tanto no Anexo I que contén o directorio telefónico, como na identificación da persoa suplente da dirección do PAM e titular do gabinete de información- as referencias á anterior Tte. De Alcalde dona María Carmen da Silva Méndez, pola da nova Concelleira de Goberno responsable da Área de Protección Cidadá e Sostemento dos Espazos Urbanos, dona Eva Villaverde Pego.

Xa que logo, proponse ao Pleno do Concello, ao abeiro do disposto no artigo 33.1 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, en relación co artigo 123 da LRBRL e no artigo 41 do Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno do 21/10/2005, BOP núm. 248 do 28/12/2005, para que, se o considera procedente e previo ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Participación, Persoal e Xustiza, adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación definitiva ao “Plan de Actuación Municipal do Concello de Pontevedra, Ponte Sampaio, de risco de inundacións por rotura da Presa de Eiras” -elaborado pola Xunta de Galicia e desenvolto e conformado pola xefatura do Servizo de Bombeiros e polo enxeñeiro xefe da Oficina Técnica de Medio Ambiente, Infraestruturas, Enxeñería e Servizos-, documento modificado tralo informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 14/01/2019, composto de dous tomos conformados polo enxeñeiro municipal adscrito á OTMAIES en datas 05/02/2019 e 06/02/2019 (CSV M0H6FICR7EPAAROH e HQROJ79KTU53WNNN, respectivamente), que anulan e modifican á documentación anterior, e que foi debidamente homologado ao abeiro do artigo 33 da Lei 5/2007, do 7 de maio, por acordo da Comisión Técnica Permanente de Protección Civil en data 03/09/2019; e asemade, dispoñer que na súa publicación e no dilixenciamento do Tomo 2 se proceda a substituir e actualizar a identidade da nova Titular de gabinete de información e suplente da dirección do PAM, dona Eva Villaverde Pego; con inclusión tamén dos seus datos no Anexo I que contén o Directorio Telefónico do PAM.

Segundo.- Publicar anuncio deste acordo de aprobación definitiva no BOP e no DOG, no Taboleiro de Edictos do Concello e, xunto co documento aprobado e actualizado para consulta, na sede electrónica www.sede.pontevedra.gal, e comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, aos servizos municipais de Bombeiros, Policía Municipal, Protección Civil, á Xefatura da OTMAIES e aos demais interesados no expediente.

Un exemplar do plan aprobado para consulta pública estará a disposición de calquera persoa interesada, ademais de na sede electrónica, nos servizos técnicos municipais (dependencias da OTMAIES, sitas na Casa do Concello, na Praza da España núm. 1)”.

(Intervención da concelleira de goberno delegada da área de protección cidadá e sostemento dos espazos públicos urbanos).



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

Rematada a intervención da concelleira realízase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (24), presta a súa aprobación á proposta da Dirección Xeral da Área de Urbanismo e Servizos Xerais, de data 11.11.2019, anteriormente transcrita.

## 4.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ESTRUTURAS DE PROTECCIÓN E CUBERTA NAS GRADAS DOS CAMPOS DE FÚTBOL OU INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratificase a súa inclusión por urxencia.

A Comisión de Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, en sesión de data 14.11.2019, emitiu ditame desfavorable sobre a proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre estruturas de protección e cuberta nas gradas dos campos de fútbol ou instalacións deportivas.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, é do seguinte teor literal:

"Pontevedra dispón de diversos campos de fútbol de titularidade municipal onde decenas de clubes deportivos adestran e compiten durante todo o ano. Lamentablemente, a desidia dos gobernos precedentes e dos distintos concelleiros de deportes responsables de ditas instalacións, fixeron que tanto a organización como o estado de ditos campos foran, ano tras ano, empeorando, o que repercutiu negativamente no desenvolvemento dos nosos deportistas, sendo isto moito máis preocupante no caso daquelas instalacións, como é o caso dos campos de A Xunqueira, onde a meirande partes dos usuarios son rapaces e rapazas do deporte base.

O novo goberno municipal trouxo consigo o cambio do titular da concellería é, como sempre ocorre logo dun matrimonio de conveniencia, os primeiros meses de travesía do Sr. Fernández dentro da mesma foron, practicamente, unha lúa de mel cortesía do BNG, que transcorreu entre inauguracións, presentacións en prensa e, por fin, o anuncio do pago das subvencións que os seus compañeiros de goberno debían a todos os clubes deportivos. É certo que o novo concelleiro de deportes comezou moderadamente ben o seu camiño, cumpriu coa palabra dada ao principio da lexislatura e, parece (aínda que está por ver) que os nosos clubes recibirán o adebedado máis pronto que tarde, algo que este grupo municipal reclamou non só este ano, senón, durante a última lexislatura completa. Pero, tamén é certo, que a situación dos últimos anos na concellería de deportes en mans dos nacionalistas pode facernos crer, de forma errónea, que o traballo do Sr. Fernández , un traballo que, insisto, agradecemos, é algo excepcional cando non é máis que o mínimo que se lle pode pedir a un concelleiro de deportes. O problema é que os señores do BNG tiveron tan pouca consideración co noso deporte que calquera cousa parécenos moito.

Con todo, dende este grupo municipal e, a maior abundamento, este concelleiro, vemos con optimismo e con ilusión as promesas de construción, como é o caso do campo de fútbol de Salcedo, ou mellora, como no da Xunqueira, de campos de fútbol. Agora ben, todos deberíamos estar de acordo en que a construción de campos de fútbol non poder quedar simplemente en colocar un bo céspede ou en construír uns bos vestiarios xa que, o deporte o conforman, ademais dos deportistas, os seus afeccionados e a súa masa social, máis se cabe, cando eses afeccionados son pais e nais dos rapaces e rapazas do deporte base. É precisamente pensando neles, os afeccionados, país e nais, polo que presentamos esta moción.

Nestes meses tiven a oportunidade de reunirme e de coñecer a moitos deportistas,



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

responsables de clubes, técnicos municipais, operarios e usuarios e, aínda que é certo que nos meses vindeiros seguirei reuníndome con tódolos que quedan, cos que puiden falar, todos, coinciden en que nos nosos campos, en practicamente todos, existe unha deficiencia notoria e, na nosa opinión facilmente subsanable: a inexistencia de estruturas de protección ou cuberta nas gradas instaladas para o público. Isto fai que os pais e nais dos nenos e nenas dos equipos que compiten e adestran en Pontevedra non teñan a posibilidade de protexerse das inclemencias meteorolóxicas adversas que adoitan darse na nosa cidade onde, en concreto, no último ano, choveu aproximadamente 4 de cada 10 días.

Os exemplos son moitos:  A Xunqueira, o novo campo de Santa María de Xeve, non así o de Campañó, parece que aí si aprenderon a lección, ou Monteporreiro, este último é un dos que nos parecen máis graves, xa que levan, dende o goberno, moitos anos, dende que se fixo o novo campo de fútbol e rugbi, prometendo dotar de ditas cubertas ó graderío. O fixeron nunha delas, dunha forma bastante mellorable, tan mellorable que, nada máis terminala, déronse conta de que era unha chapuza e que tiñan que volver a cambialo. Na outra grada, prometeron a obra e, anos despois, aínda seguen agardando.

En definitiva, ocorre coas obras nos campos de fútbol o mesmo que ocorre co seu goberno, a súa falta de xestión fai que teñamos instalacións de diferente índole que, desgraciadamente se infrautilizan ou, directamente, como ocorre co caso dos graderíos sexan, durante a meirande parte do ano, absolutamente inservibles.

Polo tanto, elevamos ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte proposta de acordo:

1. A construción, de cara a tempada 2020/2021, de estruturas de protección e cuberta nas gradas dos campos de fútbol ou instalacións deportivas ao aire libre que carezan das mesmas.

2. Instar ao Goberno Municipal a cumprir as promesas realizadas de dotar ao campo de de fútbol e rugbi de Monteporreiro da cuberta que falta nunha das gradas e de mellorar a xa existente.

3. Que se teñan en conta, en futuros proxectos e licitacións, ditas estruturas nas bases das mesmas á hora de adxudicar as devanditas obras.”

(A continuación prodúcese o debate).

Rematado o debate realízase votación ordinaria, sendo o seu resultado:

- En contra: 15 (11 BNG; e 4 PSOE).
- A favor: 9 (8 PP; e 1 Mixto-Cs).

En consecuencia, o Pleno do Concello, por maioría, rexeita a proposición do grupo municipal do Partido Popular sobre estruturas de protección e cuberta nas gradas dos campos de fútbol ou instalacións deportivas.

## 5.- PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN CENTRO DE ACOLLIDA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratificase a súa inclusión por urxencia.

De orde da Presidencia a Secretaría dá conta do ditame desfavorable da comisión de



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

Benestar Social, Cultura e Dinamización Sociocultural, de data 14.11.2019, emitido sobre a proposición do grupo municipal do Partido Popular para a posta en funcionamento dun centro de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero.
Seguidamente informa da existencia de dúas emendas, unha presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e outra polo grupo municipal do Partido Popular.

O texto da **proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular**, é do seguinte teor literal:

"No que levamos de ano, xa son 51 mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex parellas, 3 menores e 37 orfos por mor da violencia machista. A violencia de xénero é unha responsabilidade de todos: institucións, partidos políticos, asociacións... En definitiva, unha cuestión de estado que nos afecta a todos os españois.

Somos un país referente na loita contra a violencia de xénero, tanto pola lexislación aprobada, polos medios destinados, pola formación dos axentes implicados tanto no ámbito da Xustiza como dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, así como polo nivel de sensibilización que hai na sociedade española en relación a esta cuestión.

A violencia de xénero xa saíu da esfera íntima dunha parella para converterse nunha prioridade da axenda política e social de España. Compartir a dor lévanos a compartir a responsabilidade na súa erradicación. Dende que en 2003 empezáronse a recoller datos sobre violencia de xénero, en Galicia foron asasinadas un total de 63 mulleres. En 2019 cometéronse 5 asasinatos, sen incluír as vítimas colaterais.

Os concellos e outras institucións veñen prestando, en distintas localidades, un servizo dirixido a mulleres que sofren malos tratos e aos seus fillos, co obxecto de que dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, facilitándolles as ferramentas elementais tanto económicas como psicosociais.

Galicia dispón de 7 centros de acollida en toda a comunidade para mulleres vítimas e, na provincia de Pontevedra, só existe un, situado en Vigo. Só o 13% das prazas nas casas de acollida de toda Galicia están na nosa provincia e ningunha delas na nosa cidade, as vítimas que necesitan acollida teñen que ser trasladadas a outras cidades e Pontevedra é unha das 7 grandes cidades.

Ante esta situación na que se atopan moitas mulleres que sofren violencia de xénero, nalgúns casos con grave perigo para elas e os seus fillos, expomos que:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Instar á Xunta de Goberno á posta en funcionamento dun centro de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero e menores ao seu cargo que requiren dun espazo de protección debido á situación de indefensión que sofren.

2.- Incluír nos vindeiros orzamentos unha partida orzamentaria para resolver esta carencia de equipamento que ten a nosa cidade."

O texto da **emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE**, é do teor literal seguinte:

"Modificación do punto 1 substituíndo as palabras "de Goberno" por "de Galicia"".

O texto da **emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular**, é do teor literal seguinte:

"Modificación do punto 1 substituíndo as palabras "centro de acollida" por "centro/casa/piso para mulleres que sofren violencia de xénero".

(A continuación prodúcese o debate).



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

Rematado o debate sométese a votación a emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE que resulta aprobada, sendo o resultado da votación:

- En contra: 9 (8 presentes PP; e 1 Mixto-Cs).
- A favor: 15 (11 BNG; e 4 PSOE).

Seguidamente sométese a votación a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, resultando rexeitada segundo o resultado da votación:

- En contra: 15 (11 BNG; e 4 PSOE).
- A favor: 9 (8 presentes PP; e 1 Mixto-Cs).

Xa que logo, o Pleno do Concello, por maioría, aproba a proposición do grupo municipal do Partido Popular coa emenda presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE e, en consecuencia acorda:

1.- Instar á Xunta de Galicia á posta en funcionamento dun centro de acollida para mulleres que sofren violencia de xénero e menores ao seu cargo que requiren dun espazo de protección debido á situación de indefensión que sofren.

2.- Incluír nos vindeiros orzamentos unha partida orzamentaria para resolver esta carencia de equipamento que ten a nosa cidade.

## 6.- RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN POR URXENCIA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A MELLORA DA COMUNICACIÓN DE SEGURIDADE PEONIL NA RÚA PINTOR LAXEIRO, PEDRA DO LAGARTO E PEREIRAS.

A instancia do Sr. Alcalde-Presidente, polo asentimento dos presentes (24), ratificase a súa inclusión por urxencia.

O texto da **proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular**, é do seguinte teor literal:

"A recente construción da "Ronda Urbana" entre a estrada PO-542 e a PO-532 e a súa posta en funcionamento incrementou considerable o tráfico na rúa Pedra do Lagarto, entre a parroquia de Marcón e o barrio da Parda.

Esta nova estrutura viaria non resolve a mobilidade peonil en dita zona, ó contrario, crea unha barreira física que dificulta o transito non rodado nunha zona que, debido a súa proximidade á zona urbana, é moi transitado.

Son históricas as demandas dos veciños para dotar de seguridade a zona, a cal sofre graves deficiencias en materia de seguridade. Non existen beirarrúas nin pasos de peóns por onde os transeúntes poidan circular cun mínimo de seguridade, os cales se ven na obriga de camiñar pola calzada e nun amplo tramo da calzada existen muros de propiedades pegados á vía que semellan estar en serio risco de derrubamento.

Na mesma zona sitúase o chamado Edificio "Sunday" cunha alta densidade de poboación, os que se ven coa mesma problemática, a pesar de ser un edificio de vivenda residencial carecen de servizos urbanísticos.

Na pasada comisión de Mobilidade, infraestruturas, Obras e Servizos do 8 de outubro de 2019, á proposición deste grupo municipal, debateuse este mesmo asunto, no que o Presidente da comisión, o Sr. Gómez Xunqueira afirmaba que "...en principio neste caso, como consecuencia da ronda leste, o tráfico desta zona vai diminuír".

É evidente, como así o constatan os veciños, que o trafico na rúa Pedra do Lagarto



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

incrementou considerablemente pola posta en funcionamento da Ronda Leste, o cal fai mais perigoso o transito peonil por dita rúa.

Así mesmo, ao tratarse dunha vía que entronca o rural coa zona urbana e debido ao elevado do tráfico rodado, consideramos que a mellor solución sería a dotación de beirarrúas.

É urxente actuar e dar resposta ás demandas dos veciños antes de que ocorra un accidente en dita zona.

Polo tanto, elevamos ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte proposta de acordo:

1. Solicitarlle á Deputación de Pontevedra a dotación de medidas de mellora para a mobilidade peonil na nova ronda urbana.

2. Encargar ó departamento técnico do Concello o estudo e redacción de proxecto de mellora da comunicación e seguridade peonil na rúa de Pintor Laxeiro, Pedra do Lagarto e Pereiras.

3. Dotación dunha partida económica orzamentaria para a execución de ditas obras."

(A continuación prodúcese o debate).

Rematado o debate realizase votación ordinaria e o Pleno do Concello, por unanimidade (24), aproba a proposición do do grupo municipal do Partido Popular sobre a mellora da comunicación de seguridade peonil na rúa Pintor Laxeiro, Pedra do Lagarto e Pereiras.

## C) MOCIÓNS URXENTES:

Non se presentan mocións urxentes.

## D) CONTROL E SEGUIMENTO DO GOBERNO LOCAL:

### 7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA ACORDANDO A REALIZACIÓN POR EMERXENCIA DE TRABALLOS DE CONSULTORÍA TÉCNICA NECESARIOS PARA A ESTABILIZACIÓN, ASEGURAMENTO E ELABORACIÓN DE INFORME POR DESPRENDEMENTOS DA ESCULTURA "TEUCRO". 2019/EMERXENCIA/000001.

O Pleno do Concello toma coñecemento do decreto da Alcaldía referido no asunto.

### 8.- DACIÓN DE CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2019/MODORZA/000011 E 2019/MODORZA/000012.

O Pleno do Concello toma coñecemento dos expedientes referido no asunto.

### 9.- DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DE INGRESOS E GASTOS DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS REFERIDO AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2019. 2019/DACIONCTAINT/000016.

O Pleno do Concello toma coñecemento do informe indicado no asunto.

### 10.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN SUBMINISTRADA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN VIRTUDE DA ORDE HAP/2105/2012, DO 1 DE OUTUBRO, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2019. 2019/DACIONCTAINT/000015.

O Pleno do Concello toma coñecemento da información indicado no asunto.



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH

## 11.- DACIÓN DE CONTA DOS LISTADOS AOS QUE FAI REFERENCIA O ARTIGO 4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS, CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2019. 2019/DACIONCTAINT/000014.

O Pleno toma coñecemento dos listados referidos no asunto.

## 12.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS E DECRETOS. (2019/RESMENSUAL/000011)

O Pleno do Concello toma coñecemento dos decretos da Alcaldía e resolucións dos concelleiros de goberno e do persoal directivo, correspondentes ao mes de outubro incluídos nos expediente 2019/RESMENSUAL/000011.

## 13.- PREGUNTAS

Non se formulan preguntas.

## 14.- ROGOS

Non se presentaron rogos.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás 12:36 horas, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.

Dilixencia.- O presente documento reproduce o contido dos acordos adoptados na sesión ordinaria do pleno do concello de data 18.11.2019 (documento con código seguro de verificación (CSV:IWVV4A5EKN0I0AA5).
Inclúe, en cada punto da orde do día, un enlace ao vídeo das intervencións producidas.

O Secretario,

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 20/11/2019
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:2YLQ9PVJGZ75H3OH